CONCELLO DE curtis

Pr. de España, 1
15310 Teixeiro (A Coruña)
Tel. 981 789 003
Fax: 981 789 578
concello@curtis.es
www.curtis.es

ANUNCIO DA EXPOSICIÓN PÚBLICA DA LIQUIDACIÓN SOBRE DO PADRÓN DO XIMNASIO MUNICIPAL DO MES DE NOVEMBRO

Esta alcaldía, por Resolución núm. 819/2026 de data 13 de novembro de 2026, aprobou a liquidación sobre o padrón do Ximnasio Municipal do mes de novembro, quedando a disposición de todos aqueles usuarios que desexen consultalo a partir da data desta publicación.

O aboamento das taxas cargarase no número de conta facilitado por cada un dos titulares dos usuarios das escolas deportivas. Finalizado o prazo de aboamento iniciarase o período executivo e a débeda resultante esixirase polo procedemento de constriximento, con cargo do 20% e os xuros de demora que se devindiquen dende o antedito período. Non obstante, o recargo será do 5% e non se esixirán xuros de demora se a débeda se aboase antes de recibir a notificación de providencia de constrinximento.

PERIODO E LUGAR DE CONSULTA

O padrón de usuarios dos ximnasios municipais do mes de novembro de 2026 poderá ser consultado na Oficina Municipal de Curtis ou ben na Casa do Concello, durante o período de quince días hábiles dende ó día seguinte a esta publicación.

RECURSOS

Contra o Padrón de Usuarios todos os interesados poderán interpor recurso de reposición, segundo disposto no artigo 14 do Real Decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ó remate da exposición ó público do Padrón. A interposición do recurso non suspende a eficacia das liquidacións correspondentes. O recurso entenderase desestimado se non se resolve expresamente no prazo dun mes desde a súa interposición. Contra a desestimación presunta do recurso poderase interpor recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses desde a notificación da resolución expresa ou de seis meses que se produza a desestimación presunta, tal como establece o artigo 46.1 da Lei 29/98 do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativo. Tamén se poderá interpor calquera outro recurso que se estime oportuno.

Documento asinado electrónicamente polo alcalde Javier Francisco Caínzos Vázquez, na data que figura na marxe.

CVD: xwvAF1Snx+AuhB3cayiq Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.curtis.gal/